

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA.

COÑECEMENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2019-20

TRABALLO FIN DE MÁSTER

1. INFORMACIÓN BÁSICA

Descrición

Código da materia. P5251107

Traballo Fin de Máster (TFM)

15 créditos ECTS

Tipo: Traballo Fin de Máster RD 1393/2007

Convocatoria: Traballos Fin de Máster

Centro: Facultade de Filosofía

Departamentos: Filosofía e Antropoloxía, Física de Partículas, Historia, Historia da Arte, Microbioloxía e Parasitoloxía, Economía Aplicada, Economía Financeira e Contabilidade, Ciencia Política e Socioloxía, Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT-CSIC)

Áreas: Filosofía, Antropoloxía Social, Lóxica e Filosofía da Ciencia, Filosofía Moral, Socioloxía, Física da Materia Condensada, Microbioloxía, Ciencia política e da Administración, Prehistoria, Historia da Arte, Economía Aplicada, Economía Financeira e contabilidade.

Prerrequisitos

Aínda que non require dunha específica formación previa, para realizar o TFM o/a alumno/a deberá posuír as competencias básicas relacionadas coa preparación, escritura, presentación e defensa de traballos académicos.

Neste senso cobra especial importancia a materia de formación básica que se imparte no primeiro módulo: P5251106 Técnicas de traballos de investigación.

O TFM só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster, agás os correspondentes ao propio traballo.

Titorización

O TFM será titorizado por un/unha profesor/a con docencia durante o curso no Máster.

O/a titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza o centro antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación establecida na normativa propia.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo total de estudo e traballo persoal para a realización dun TFM é de 238 horas.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

Bloque formativo no que integra a materia

O TFM constitúe por se mesmo un bloque formativo, o quinto e último módulo do Máster, sendo os outros:

Módulo 1: Formación Básica

Módulo 2: Materias obrigatorias do itinerario “Coñecemento e comprensión do mundo”

Módulo 3: Materias obrigatorias do itinerario “Cidadanía e globalización”

Módulo 4: Materias optativas

Papel e sentido da materia/bloque

O TFM, en tanto que é a última materia que cursan as/os alumnas/os do Máster antes da obtención do título, debe reflectir os coñecementos adquiridos tanto a nivel de contidos coma metodolóxicos. Se os estudos de posgrao constitúen unha das etapas formativas máis elevadas nos estudos universitarios e tendo en conta que para cursar esta materia o alumnado debe ter superada a totalidade dos créditos que conforman o plan de estudos do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, cabe agardar que na realización dos traballos académicos presentados para superar a materia, así como na súa lectura e defensa pública, o alumnado amose o coñecemento, rigor científico e analítico esperable no seu nivel académico.

Cómpre lembrar que o Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía é un máster que, entre outros cometidos, prepara para a investigación. En consecuencia, é necesario que na súa execución se exerciten e se poñan de manifesto técnicas de traballo propias dun traballo de investigación.

3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

Segundo se recolle no Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobada no Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, o TFM consistirá na elaboración por parte do estudante dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados nas titulacións de Máster. Estará orientado á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da súa

área de estudo; emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que faciliten o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

O TFM do Máster en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, será realizado baixo a dirección dun doutor ou doutora con docencia no título.

Competencias básicas e xerais

- 1.1 Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.
- 1.2 Que as e os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.
- 1.3 Que as e os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos ideas orixinais e solucións propostas.
- 1.4 Que as e os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na busca de solucións.
- 1.5 Que as e os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestión e problemas susceptibles de ser abordados e resoltos.
- 1.6 Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- 1.7 Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- 1.8 Que as e os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seu coñecementos e xuízos.
- 1.9 Que as e os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- 1.10 Que as e os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

Competencias de tipo específico

- 2.1 Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.
- 2.2 Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- 2.3 Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- 2.4 Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
- 2.5 Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos e deliberar consonte á criterios éticos.
- 2.6 Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Competencias transversais

- 3.1 Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.
- 3.2 Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.
- 3.3 Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.
- 3.4 Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

4. CONTIDOS

Plano xeral

O TFM debe de ser un traballo orixinal e versar sobre un tema relacionado co Máster.

Segundo se recolle no artigo 2 da normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e de fin de máster na USC (aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016) incluírá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa do traballo.

Pode ser redactado e defendido en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do Máster, consonte ao disposto no artigo 8.5 da normativa anteriormente citada.

O TFM ha de ser dirixido por un/unha profesor/a que imparta docencia no Máster e versará sobre unha temática relativa á materia que imparte, segundo a seguinte táboa:

MÁSTER EN FILOSOFÍA. COÑECEMENTO E CIDADANÍA CURSO 2019-2020		
Profesor	Código	Contido
Agra Romero, María Xosé Blanco Echauri, Xesús M.	P5251101	Cidadanía, xustiza e democracia
Sobriño Cerdeiriña, Alejandro	P5251102	Signo, representación, realidade
Jiménez Esquinas, Guadalupe	P5251103	O concepto antropolóxico de cultura e a diversidade cultural
López Romalde, Jesús Ángel Martínez Castro, Rafael	P5251104	Ciencia, técnica, pensamento
López Silvestre, Federico Antonio	P5251105	Problemas de estética contemporánea
Pose Varela, Carlos Alberto González da Costa, Ana	P5251106	Técnicas de traballos de investigación
Falguera López, José Luis	P5251201	Desenvolvemento do coñecemento científico

Martínez Vidal, Concepción	P5251202	Teorías e procesamento da información
De Donato Rodríguez, Xavier	P5251203	Mente humana
Agís Villaverde, Marcelino Barcia González, Javier	P5251204	Pensamento e discurso
González Fernández, Martiño	P5251205	Pensamento e humanidades dixitais
Pintos Peñaranda, M ^a Luz	P5251206	Perspectivas actuais de filosofía da historia
Agra Romero, María Xosé Radl Philipp, Rita María	P5251207	Xénero e teorías feministas
Horta Álvarez, Oscar	P5251208	Éticas aplicadas
Vázquez Lobeiras, M ^a Xesús	P5251209	Cosmopolitismo e cidadanía global
Herrero Pérez, María Nieves	P5251210	Patrimonio cultural e identidade
Doldán García, Xoan Ramón	P5251211	Pensar a economía
Rodríguez González, Miguel Anxo	P5251212	Arte e cidade
García Soto, Luís	P5251216	Bioética actual
Arbaizar Gil, Benito	P5251222	O malestar na filosofía contemporánea e a teoría psicanalítica
Varela Cabo, Luis Miguel	P5251217	Teorías da Complexidade
Maiz Suárez, Ramón	P5251220	Nacións, nacionalismos e movementos étnicos na era da globalización
Parcero Oubiña, Óscar Perarnau Vidal, Dolors	P5251221	Filosofía e literatura
Sánchez Carretero, Cristina Roura Expósito, Joan	P5251223	O método etnográfico. O seu uso en Humanidades e Ciencias Sociais

5. MATRÍCULA

A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que establece a Universidade.

A matrícula dá dereito a dúas oportunidades por curso académico, habendo tres opcións para escoller: febreiro, xullo ou setembro. É importante ter en conta que a oportunidade de febreiro unicamente poderá ser empregada por aquel alumnado que teña superado, ao remate do primeiro semestre, a totalidade dos créditos necesarios para obter o título de máster, excepto os correspondentes ao TFM.

6. PROCEDIMENTOS E RESPONSABILIDADES

A Comisión Académica do Máster (CA) é a encargada de atender ás cuestións propias do desenvolvemento da materia Tralallo Fin de Máster.

Solicitude e asignación de liña temática e título

No prazo fixado no calendario, o alumnado presentará no Decanato de Facultade unha solicitude para asignación dun traballo, previo contacto co/a titor/a que propón para que o asista na realización do mesmo. Esta solicitude deberá realizala no modelo de formulario publicado na web do Centro, reflectindo con claridade a liña temática (correspondente a algunha das materias dos catro primeiros módulos do máster) así como o título concreto do TFM (imprescindible especificalo en galego, castelán e inglés)

Todo TFM debe ter un/unha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo, máis ningún/ningunha profesor/a poderá dirixir máis de dous, polo que será necesario contar coa súa conformidade antes de presentar a solicitude de asignación do TFM. En todo caso a Comisión Académica do Máster garantirá que todo alumno/a teña un titor/a de TFM.

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas de traballos a Comisión Académica do Máster deberá pronunciarse nun prazo máximo de 15 días naturais ao respecto. O alumnado cuxos títulos foran rexeitados pola Comisión disporá de 15 días naturais a partir da data de reunión da Comisión para presentar unha nova proposta.

A asignación dun/ha director/a e dun tema de TFM terá validez no curso académico no que estea matriculado a/o estudante. Emporiso, a solicitude razoada do/da interesado/a, a liña temática do TFM e a dirección poderán ser tomados en consideración pola Comisión Académica do Máster nas adxudicacións de cursos posteriores no caso de que o/a alumna/o non supere a materia no curso no que estea matriculado.

Cambio do título

O alumnado poderá solicitar á Comisión Académica, dentro do prazo establecido no calendario a modificación do título xa aprobado mediante o correspondente formulario que atopará na web da Facultade.

A CA decidirá sobre a solicitude de cambios de título e comunicarao aos/ás interesados/as cando menos dous días antes da data de inicio do prazo de solicitude de defensa dos TFMs.

Responsabilidades do alumnado e dos titores

Responsabilidades do alumnado:

- Asistir ás sesións de traballo concertadas co/a titor/a.
- Desenvolver o traballo conforme á planificación acordada coa dirección e, de non ser así, xustificar as desviacións.
- Atender ás indicacións do/a titor/a.
- Tomar a iniciativa na resolución de problemas.
- Cumprir cos prazos, requisitos formais e de presentación establecidos na normativa e nesta guía docente.

Dereitos e deberes do alumnado:

- Regúlanse consonte ao establecido no artigo 11 e 12 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobada no Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Enlace á normativa:

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto_15.-_Regulamento_de_matrxculax_elaboracixn_e_defensa_TFG_e_TFMok.pdf

Responsabilidades do/a titor/a

A/o titora/titor programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo/a no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo tribunal avaliador. É dicir, as responsabilidades do/a titor/a son:

- Reunirse co alumnado nas ocasións acordadas.
- Aconsellar ao alumnado sobre as cuestións relativas á realización do traballo.
- Advertir á/ao estudante cando o progreso do TFM estea por debaixo do estándar esperado e aconsellarlle sobre o modo de resolver o problema.
- Emitir o informe preceptivo.

7. PRESENTACIÓN E DEFENSA

Requisitos de formato e contido

A memoria de TFM presentada terá unha extensión entre 9.000 e 14.000 palabras (incluídas notas a pé de páxina) e amosará o traballo desenvolvido polo estudante. A título informativo, a Facultade establecerá un formato común recomendado. En calquera caso, deberá adoptar, de

forma aproximada, a seguinte estrutura:

- Portada na que figuren: denominación do Máster, título do traballo, nome completo de autor/a, nome completo do/do titor/a, e curso académico correspondente.
- Portada interior co título na lingua usada e en inglés.
- Compromiso de cumprimento da Lei de Propiedade Intelectual e Lei de Protección de Datos.
- Índice dos capítulos e apartados.
- Resumo (unhas 200 palabras) na lingua usada e en inglés.
- Palabras clave na lingua usada e en inglés.
- Introducción.
- Formulación de obxectivos
- Desenvolvemento dos contidos.
- Conclusións (incluíndo os logros acadados e posibles traballos futuros).
- Bibliografía consultada e referencias documentais completas. Para a elaboración de citas e referencias bibliográficas, o/a alumno/a deberá seguir dunha maneira coherente calquera dos usos establecidos no ámbito académico (normas APA, Chicago, Harvard). O/a alumno/a pode seguir tamén o modelo establecido pola revista *Ágora* para a elaboración do manuscrito e, especificamente, do apartado bibliográfico
- Anexos se procede (que non computarán para a extensión máxima prevista)

Solicitud de defensa

O/A estudante, tras consultalo co seu titor ou a súa titora, poderá presentar a solicitude de defensa do TFM. Os prazos fixados a tal fin pola CA para as convocatorias de febreiro, xullo e setembro serán os recollidos no calendario publicado na web da Facultade.

En relación con este trámite é importante que o alumnado teña en conta as seguintes consideracións:

1. A solicitude de defensa necesariamente debe facela o/a alumno/a a través da súa secretaría virtual e nos prazos establecidos para o efecto.
2. No momento de facer a solicitude de defensa na secretaría virtual, o alumnado debe anexar á mesma unha copia do seu TFM en pdf.
3. Dentro do prazo establecido para a solicitude de defensa o alumnado deberá presentar no Decanato da Facultade de Filosofía tres copias en papel impresas do seu TFM que serán distribuídas entre os membros do seu tribunal avaliador.

Informe do titor e comprobación do requisito de orixinalidade

Finalizado o prazo de solicitude de defensa, e segundo o establecido no calendario xeral de TFM aprobado, o/a titor/a deberá subir a súa secretaría virtual o seu informe (favorable ou desfavorable) sobre o TFM do/a alumno/a.

O/A titor/a deberá someter o traballo a un control de plaxio debendo incorporar o resultado do mesmo ao seu informe. De detectarse plaxio o/a titor/a deberá comunicalo inmediatamente ao Decanato da Facultade, para que proceda a emitir a resolución que corresponda e, de selo caso, informar á Secretaría Xeral da USC para que adoite as medidas disciplinarias oportunas.

Defensa pública do TFM

A defensa dos TFM realizarase en sesión pública diante dun tribunal – formado por tres profesoras/profesores da USC que impartan docencia no máster, excluídos aqueles que teñan realizado as tarefas de titorización –. Cada tribunal contará con dous suplentes.

Con antelación suficiente ao inicio do período de solicitude de defensa, a CA fará público na web da Facultade o número e composición dos tribunais. Do mesmo xeito ao remate do período de solicitude de defensa, a CA publicará a asignación de TFM a tribunais así como as datas nas que os/as alumnos/as deberán defender os seus traballos.

Entre o remate do prazo de solicitude de defensa e o acto de defensa pública do TFM deben mediar, polo menos, sete días naturais.

O acto de defensa será realizado polo/a alumno/a alumna en sesión pública na data asignada.

A exposición do TFM terá unha duración máxima de 30 minutos. Ao remate da presentación, o tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes.

A presentación dos TFM será realizada pola/o estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola CA, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

8. AVALIACIÓN

A avaliación dos TFM realízase por un tribunal formado por tres doutoras/doutores da USC que impartan docencia no Máster, excluídos aqueles que teñan realizado as tarefas de titorización. Cada tribunal contará con dous suplentes.

Dimensións da avaliación

O tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponda conforme aos criterios de avaliación recollidos máis abaixo e axustados ao disposto na normativa da USC, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de cero (0) a dez (10), con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado
- 0 - 4,9: Suspenso
- 5,0 - 6,9: Aprobado
- 7,0 - 8,9: Notable
- 9,0 - 10: Sobresaliente

Os membros do tribunal de avaliación realizarán un informe, segundo o modelo elaborado para estes efectos, no que se terán en conta os seguintes aspectos:

1. Calidade do TFM: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, metodoloxía, dificultade e conclusións.
2. Presentación escrita do TFM: presentación xeral, claridade expositiva, estruturación e corrección gramatical e ortográfica.
3. Presentación oral e defensa: concisión, claridade expositiva, capacidade de debate, defensa argumental, propiedade e corrección no uso da lingua.
4. O informe da/o titora/titor será tido en consideración no momento de cualificar o traballo.

A cualificación final outorgada ao TFM por cada membro do tribunal obtérase de acordo coa seguinte ponderación:

I. Traballo escrito: 75%

- Desenvolvemento do tema e estrutura, aportacións orixinais, método, manexo das fontes e bibliografía, 60%
- Presentación formal e corrección lingüística, 15%

II. Presentación oral: 25%

- Exposición, 10%
- Defensa, 15%

A cualificación final resultará de aplicar a media aritmética entre as notas atribuídas ao TFM por cada un dos membros do tribunal e farase pública a listaxe provisional de cualificacións no Taboleiro do Decanato da Facultade nun prazo non superior a sete días lectivos dende a súa defensa.

No caso de que se dea unha das seguintes circunstancias, o TFM será cualificado como suspenso

- Cando os seus contidos non se adecúen aos da liña temática escollida e/ou ao título aprobado.
- Cando coincida cun traballo realizado polo alumno noutras materias ou actividades da titulación, ou cando non sexa orixinal.

- Cando feita a solicitude de defensa o/a alumno/a non chegue a facer a defensa pública do TFM na data prevista, sen que exista xustificación escrita presentada polo/a interesado/a ante o/a Secretaría do Decanato da Facultade e aceptada pola CA.

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder o límite establecido pola USC, tendo en conta que se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase conceder unha MH. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. De constituírse un tribunal único para todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan, noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderalle á comisión con competencias nos TFM, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

Este sistema de avaliación será válido para as dúas oportunidades a que da dereito a matrícula do TFM.

Avaliación de competencias

As competencias a acadar a través do TFM serán avaliadas polo tribunal tendo en conta as diferentes actividades que conforman a elaboración e defensa do TFM. Para elo o tribunal considerará o informe do/da titor/a.

Revisión

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto se fixen no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión estarán comprendidas dentro dos 10 días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. O mes de agosto non computará neste prazo.

O alumnado que desexe facer uso deste dereito deberá solicitalo con antelación na Secretaría do Decanato, para que estean presentes os membros do tribunal de revisión. A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal. En todo caso, deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou.

O procedemento de reclamación da cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións.

9. CALENDARIO

A principios de curso na páxina web da Facultade de Filosofía publicarase un calendario xeral onde se recolleran os prazos para a realización de trámites relacionados cos TFM.

Ademais do calendario xeral, unha vez rematados os prazos de solicitude de defensa de TFM para cada oportunidade (febreiro, xuño e setembro) publicaranse na web os calendarios de defensa de TFM específicos para cada oportunidade.

RESUMO DO PROCEDEMENTO XERAL PARA ELIXIR, ELABORAR E DEFENDER O TFM

MATRÍCULA

- A matrícula dá dereito a dúas oportunidades por curso académico, habendo tres opcións para elixir: febreiro, xullo ou setembro. É importante ter en conta que a oportunidade de febreiro unicamente poderá ser empregada por aquel alumnado que se gradúe ao remate do primeiro cuadrimestre ou lle quede o TFM pendente do curso anterior.

SELECCIÓN DE LIÑA TEMÁTICA, TÍTULO E TITORIZACIÓN

- As liñas temáticas correspóndense coas materias dos catro primeiros módulos do máster.
- No prazo fixado, farase a solicitude de asignación de traballo coas propostas de liña temática, título e titorización.
- É necesario contar coa conformidade da/do titora/titor antes de presentar a solicitude de asignación. En todo caso a CA do Máster garantirá que cada alumno/a teña un titor/a de TFM.
- O alumnado debe reunirse co/coa titor/a que propón, a fin de delimitar o tema concreto e o título do TFM, antes de formalizar a solicitude de asignación de liña temática, título e titor/a.

DEFENSA

- Para a presentación e defensa pública do TFM é imprescindible ter superados todos os créditos das outras materias da titulación.
- A “solicitude de defensa” debe formalizarse a través da secretaría virtual do/a alumno/a no prazo establecido para o efecto. Neste trámite o/a alumno/a debe anexar unha copia do seu traballo en pdf.
- Dentro do prazo establecido para a “solicitude de defensa” o alumnado deberá presentar no Decanato da Facultade de Filosofía tres copias en papel impresas do seu TFM que serán distribuídas entre os membros do seu tribunal avaliador
- É imprescindible incluír o título do traballo nas tres linguas que se solicitan.
- Con antelación suficiente o tribunal anunciará o lugar e a hora en que se realizará o acto de defensa do TFM.

OBSERVACIÓNS:

É conveniente que, antes de iniciar o proceso de elaboración e defensa, se lea con atención a Normativa vixente da USC.

Recoméndase a consulta frecuente da páxina da Facultade de Filosofía sobre o TFM <http://www.usc.es/gl/centros/filosofia/TFM.html>, onde hai información completa e actualizada sobre todo o proceso de elaboración e defensa do TFM, ademais dos formularios que se precisan ao longo do mesmo.